COS SINAIS DA AUGA

Poemas de LOURDES ÁLVAREZ
Limiar e tradución de XAVIER RODRÍGUEZ BAIXERAS
Ilustracións de ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 160 páx. 15 €
ISBN 978-84-19213-57-0. Poesía. Tambo.

Ámovos, palabras asubío que me fechades os labios,
palabras sen dicir
que, por veces, asomades aos ollos
e que, en madeixas de auga, esparexedes a murria e a poalla
e mais a cor aluada, acesa en todas as noites…
[Fragmento de «Palabras», en *Aldrabas do esquecemento*]

Poeta cunha voz única e singular, Lourdes Álvarez é unha das figuras máis senlleiras do "Surdimientu" que entende a poesía como unha vía para "conmover, mover a intelixencia e as emocións".

Aínda que os seus primeiros poemas publicáronse na revista do colectivo Adréi canda autores como Berta Piñan, Xuan Bello e Antón García, a súa obra ten pouco que ver coa lírica daquel grupo que apostaba por unha poética realista. Lourdes Álvarez parte dunha evocación da realidade e das experiencias vividas, mais derivando cara a unha poética de tipo simbolista, rica en imaxes abstractas, oníricas e surrealistas, cunha feitura moito máis complexa, apreciándose unha subxectividade case íntima entre linguaxe e emoción estética. Así, a lingua asturiana forma parte inseparable da experiencia evocada polo personaxe poético.

O seu mundo organízase arredor da contraposición entre pasado e presente, o discorrer da vida. É unha poesía "en e do tempo", sostén Elena de Lorenzo, profesora da Universidade de Oviedo e especialista na súa obra. Nesa contraposición imponse sempre a realidade pasada: o regreso á súa orixe, tanto na paisaxe rural da infancia e da mocidade como, de xeito especial, nas raíces familiares –o que a poeta chama «a casa dos pais»– e o redescubrimento da lingua natal. Pola contra, a realidade actual é o tempo do desamor, da ausencia. Arredor desa dicotomía aparecen sinais de identidade de tipo surrealista, recorrentes e que revelan a universalidade temática da súa obra: o regreso á natureza, a reivindicación da condición feminina, o mar, a noite, o atardecer, o inverno…

Xavier R. Baixeras explica no limiar que na lectura desta antoloxía bilingüe en asturiano e galego apréciase "o pudor do silencio, a profundidade da imaxe, a honestidade da palabra". Ese clima onírico e cunha forte carga simbólica –que abrolla na autora ante as dúbidas existenciais no instante da escrita– require unha lectura atenta para asimilar todos os seus matices. Poderase así ir desentrañando a auténtica identidade dun eu lírico que avanza entre o magma propio do pulo creador e un ritmo de estraña fascinación.

www.kalandraka.com
comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** poesía.
- **Aspectos destacables:** outros títulos de *Tambo*: «Os ángulos da brasa» (Premio Nacional de Poesía 2013, Premio da Crítica Española 2012, Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio de Poesía da AELG 2012), «Onde nunca é mañá», «Rigorosamente humano», «Clave de bóveda» e «A vixilia do bosque» de Manuel Álvarez Torneiro; «Alén da fronteira. Sete poetas vascos» (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); «Tríptico» de Antoni Marí; «Espiral de sombras» e «A árbore desvelada» de Xavier Seoane; «Estrela do norte» e «As sílabas do mundo» de Luís Rei Núñez; «Tempo de exilio» de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa de Tradución 2015); «Diario de Crosses Green» e «A ganancia e a perda» de Martín Veiga; «Tempo transfigurado» de Cesáreo Sánchez Iglesias; «Cervatos» de Lucía Novas; «Feliz idade» (Premio Nacional de Poesía 2020, Premio da Crítica Española 2019, Premio da Crítica de Galicia 2020, Premio Gala do Libro Galego 2020) e «Cráter» de Olga Novo; «Catro cuartetos» de T.S. Eliot (tradución de Martín Veiga); «Imago» de Helena de Carlos; «As iluminacións» de Arthur Rimbaud (XXII Premio Plácido Castro á tradución de Oriana Méndez e Tamara Andrés; e «Aquiles e a bágoa» de Ana Ramil.
- **Avance do libro:** https://issuu.com/kalandraka.com/docs/cos-sinais-da-auga-g

Lourdes Álvarez

(La Güeria d'Urbiés – Mieres, Asturias, 1961)

É unha das voces fundamentais do *Surdimientu*, que protagoniza dende a década de 1990 a recuperación e renovación das letras en asturiano. Licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Oviedo, é membro da Academia de la Llingua Asturiana. A súa traxectoria comezou na mocidade en revistas como *Cuélebre, Malku, Lúnula, Adréi* ou *Lletres asturianes*. É autora de varios poemarios: «Aldabes del olvidu» (1991), o seu primeiro libro, ao que seguiron «Cálices de la nueche» (1992), «Mares d'añil» (gañador *ex aequo* do Premio de Poesía Teodoro Cuesta 1992), «Como aquella que yeres» (Premio Teodoro García Cuesta 1994), «Poesía escoyida 1985-1997» (1997), «Son del tardíu» (2006), o recompilatorio «Mediando distancies» (2006), «P'anular los adioses» (2018) e «Lo verdadero» (2025). Recibiu en dúas ocasións -2006 e 2019- o Premio da Crítica de Asturias. Nos últimos tempos colaborou con revistas como *Llengues Vives*. Actualmente é profesora de Llingua asturiana en educación secundaria e bacharelato. En 2023 foi recoñecida co *Premiu Nacional de Lliteratura Asturiana*, que por primeira vez se lle entregou a unha muller nunha cerimonia celebrada o 5 de maio, *Día de les Lletres Asturianes*. «Cos sinais da auga», publicado orixinalmente en 2023, é a primeira tradución da súa obra noutra lingua peninsular.